

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 08/09/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 08/09/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 01 de setembro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/3412

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Jesús Balo Rodríguez solicitando autorización para colocar uns pivotes plásticos na via para acotar a zona de entrada ao garaxe na rúa Emilia Pardo Bazán 8, visto o informe da Policía Local sinalando que realizada inspección ocular pódese comprobar como efectivamente o espazo habilitado para a entrada e saída de vehículos é limitado, polo que a Xunta de Goberno Local acorda ampliar a zona marcada en amarelo para o cal é necesario eliminar a última praza de estacionamento e incluso reforzalo coa instalación dunha valiza cilíndrica.

Dar traslado á Policía Local e ao servizo de Sinalización.

PRP2025/3415

Dáse conta do informe da Policía Local indicando o deterioro da barandilla que protexe a fonte en rúa Banda do Río-Cea, presentado desgaste e corrosión, sendo perigosa, recomendándose a súa substitución.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta ao Servizo Municipal de Obras, para o seu arranxo.

PRP2025/3425

Dáse conta do escrito presentado por Don Manuel Salvador Souto Tizon en relación aos problemas de espazo na praza de persoas con discapacidade, situada na Avda. Agustín Romero 93, solicitando a colocación dun pivote para acotar a praza de persoas con discapacidade.

A Policía Local indica que a praza actual conta con espazo suficiente para facilitar a manobra de descenso dunha persoa pola porta traseira do vehículo.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar que dita vía non é de titularidade municipal, polo que deberán solicitar a baliza cilíndrica ao organismo competente da estrada citada (Consellería de Infraestruturas).

PRP2025/3427

Dáse conta do escrito presentado por Special Olympics Galicia co obxecto de organizar unha etapa en Vilagarcía de Arousa da "XIII Marcha ciclista unificada", prevista para o día 5 de outubro de 2025.

Dáse conta do informe da Fundación de Deportes, no que se indica:

1º.- Pódese autorizar a coorganización do 13º Marcha Ciclista Unificada debéndose establecer un comité organizador do evento, formado polo Director Deportivo da Fundación de Deportes e por Eunice Mosquera Arnos, Directora Técnico de Special Olympics Galicia, e designada pola entidade para formar parte do comité organizador.

2º.- Débese dar traslado a XGL para autorizar o desenvolvemento da proba así como o uso da praza II República.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno acorda autorizar a realización da citada marcha ciclista, autorizando así mesmo o uso da Praza da II República, así como das vías públicas municipais.

PRP2025/3438

Dáse conta do escrito presentado pola AAV Outeiro de Sobradelo en relación aos problemas de circulación que padecen os veciños e usuarios da Urbanización Miramar, solicitando a instalación de elementos redutores de velocidade, tales como sinalización de control de velocidade por radar, bandas redutoras de velocidade, pasos de peóns elevados, etc.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á citada Asociación, que serán tidas en conta as peticións.

PRP2025/3442

Dáse conta do escrito presentado por Pirotecnica Lopez, S.L. comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico para os días 6, 7 e 8 de setembro de 2025, con motivo da celebración das Festas de Santa Plácida de Rubiáns 2025.

Vista a documentación aportada e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/3445

Dáse conta de solicitude de Yineiri Coromoto Franco Cabrera para autorizar a realizar unha actuación na terraza do Bar Carril, na Praza da Liberdade nº8 de Carril o día 13 de setembro de 2025 en horario de 20:00 a 23:00hrs.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/3446

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Familiares de Enfermos con Alzheimer AFASAL, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o 21 de setembro de 2025, coa colocación dunha carpa informativa.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/3447

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Española contra el Cancer, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o 24 de setembro de 2025, coa colocación dunha mesa informativa.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/3461

Dáse conta do escrito presentado por Don Juan Barreiro Doval solicitando colocación de elementos para diminución de velocidade na rúa Perrón-Rubiáns á altura dos nº24 a 30.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda remitir a Unión Eléctrica Fenosa a solicitude para retirar os postes de tendido eléctrico, proceder á sinalización de limitación de velocidade a 30 km/h, e dada a proximidade de vivendas, instalar dous lombos redutores de velocidade. Acórdase así mesmo incluír esa zona no plan de instalación de lombos redutores de velocidade 2025, podendo ser a situación dos mesmos á altura do inmovible número 1 e 6 de dita rúa.

Dar conta ao Enxeñeiro Municipal D. Oscar Álvarez.

PRP2025/3467

Dáse conta do escrito presentado por Discovery Producciones, S.L. solicitando autorización para organizar a Feria Gastronómica Burguer Experience coa montaxe de diversos Food Trucks do 18

ao 21 de setembro de 2025 no Parque da Xunqueira ou como alternativa no Aparcamento de Fexdega.

Visto o informe da Policía Local acordase autorizar a celebración de dito evento no Parque da Xunqueira, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/3478

Dáse conta do escrito presentado por Don Francisco José Cuba Couzo, solicitando autorización para celebrar un xantar de confraternidade en Fexdega o día 05 de outubro de 2025, con motivo da xuntanza anual dos pensionistas de CCOO da provincia de Pontevedra.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/3481

Dáse conta do escrito presentado por Alejandro Ak Marin, solicitando autorización para ocupación de vía pública no Parque Miguel Hernandez (frente ao Gadis) para instalar una food truck de patacas fritas e cachorros quentes, do 5 de decembro de 2025 ao 6 de xaneiro de 2026.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as

súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.

- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/3482

Dáse conta do escrito presentado por Karen Argibay Serans, solicitando autorización para celebrar as XI Olimpíadas Intercentros nos merendeiros da Praia da Concha o día 17 de setembro de 2025, e o paso de vehículos ata o parque para deixar aos maiores.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Indicar que os vehículos que accedan ao parque sexan os mínimos posibles.

PRP2025/3495

Dáse conta do auto de 1 de setembro de 2025, ditado polo Xulgado Contencioso nº2 de Pontevedra na execución 12/2024 (Executante: Lanniver SHC, S.L.). O auto acorda que o Concello de Vilagarcía impulse a revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, incorporando ao mesmo o convenio urbanístico de data 25 de novembro de 2024, ademais de impoñer a obirga ao Concello de Vilagarcía de informar mensualmente ao Xulgado Contencioso nº2 de Pontevedra, sobre o avance da execución da sentenza, ata o seu pleno cumprimento. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Dar conta á Xerente de Urbanismo.

PRP2025/3494

Dáse conta do escrito presentado por Club Piragüismo Vilagarcía, solicitando autorización de ocupación da Praza de Galicia, para realizar unha actividade de promoción do piragüismo o vindeiro sábado 20 de setembro de 10:30 a 13:00 horas, para instalar unha carpa e unhas piraguas. Visto o informe do Director Deportivo da Fundación de Deportes e o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000€.

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/3499

Dáse conta do escrito presentado polo Club Xadrez Fontecarmoa, solicitando autorización do uso da Rúa Castela, así como cesión de 6 mesas e 30 cadeiras, para celebrar unha actividade de xadrez na rúa, os días 5, 12, 19 e 26 de setembro do 2025.

Visto o informe do Director Deportivo da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a actividade e a cesión do material solicitado.

O Clube Xadrez Fontecarmoa deberá presentar os seguros de Responsabilidade Civil e de accidentes para a actividade tal e como establece a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

PRP2025/3502

Dáse conta do escrito presentado por Os Ingleses Rugby Club, solicitando o uso da praza de Galicia o vindeiro sábado 13 de setembro de 2025 para celebración dunhas xornadas de captación da actividade de Rugby en horario de 10:00 a 14:00 horas.

Visto o informe do Director Deportivo da Fundación de Deportes e o da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/3506

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Galega de Axuda a Ucraína, solicitando o uso da praza de Galicia o día 27 de setembro de 2025, para celebración dun manifesto solidario e un pequeno concerto de 14:00 a 16:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as

súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.

- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/3474

Visto o informe da Coordinadora de Servizos Sociais.

Fiscalizado o expediente pola Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAU: G15924558 por importe de 3.000,00 € en relación ao convenio asinado coa entidade como subvención nominativa da anualidade 2024, con cargo ás partidas 231-48002- 1.500 € e 320-48002 1.500 €.

EMPREGO

PRP2025/3434

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por GELMAC GROUP SOCIEDAD LIMITADA, NIF: B21710173, e domicilio de notificacións CAMIÑO REAL DE BADIÑA OTRA Nº: 4 Lt: Esc: B 1 Pt: A e dirección e-mail a efectos de notificacións laboral@canedaychamosa.com, pola Área de Promoción Económica, infórmase:

Que a documentación aportada coa solicitude, reflicte que A SOLICITANTE NON CUMPRE O REQUISITO DE SER EMPRESA DE NOVA CREACIÓN nos termos establecidos na Base Primeira da convocatoria, relativa aos requisitos dos beneficiarios.

En efecto, a devandita base establece que os beneficiarios han ser “empresas de nova creación”, considerando incluídos neste concepto os traspasos de negocio, exceptuando aqueles traspasos que se realicen entre cónxuxes, parellas de feito e familiares por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o segundo grao inclusive, así como as transformacións de forma xurídica.

Visto o disposto na devandita Base Primeira da convocatoria, en relación coas circunstancias concorrentes na entidade solicitante de axuda, conclúese que a mesma non reúne os requisitos para ser beneficiaria da subvención, polas razóns que se indican :

Primeiro. A solicitante aporta como documentación acreditativa da actividade da empresa dous contratos:

- O primeiro deles, supostamente formalizado en 2019, carece de sinaturas e de data de formalización.

- O segundo dos contratos aportados, asinado o 8 de xullo de 2025, expón que as partes (Mercedes García e Marcela Alejandra Caramia, subscribiron contrato de arrendamento, para o obxecto de “LAVANDERÍA AUTOSERVIZO”, o 8 de xullo de 2019.

A propia solicitante, por tanto, reconece que a actividade da empresa comezou no ano 2019, sendo promotora da mesma Marcela Alejandra Caramia,

Segundo. Segundo os datos que constan na documentación aportada pola solicitante, Marcela Alejandra Caramia, única promotora inicial da actividade, convértese posteriormente en administradora da sociedade GELMAC GROUP, SL. Conclúese, por tanto, que se trata dunha

transformación de forma xurídica, e non da creación dunha nova empresa, por mais que D. Guillermo Norberto Estévez lukaszevichz sexa tamén administrador da devandita sociedade como afirma no encabezado do contrato de arrendamento.

Por outro lado, se ben non se aporta escritura de constitución da sociedade solicitante, pola entidade tramitadora comprobouse que GELMAC GROUP S.L.), nif B21710173, con domicilio en Rúa Camiño Real de Badiña nº 4 Baixo 1º A, constituída o 10 de abril de 2025, encádrase no epígrafe CNAE 622.0 Actividades de consultaría informática y xestión de instalacións informáticas. Outras actividades de impresión e artes gráficas. Nada ten que ver, por tanto, dita actividade coa que é obxecto de solicitude de subvención

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a axuda solicitada por GELMAC GROUP SL.

PRP2025/3457

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de axuda dentro do Programa de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea de persoas participantes no obradoiro dual de emprego FORME 24, a empresa SERVICIOS INTEGRALES EN CONSTRUCCION ANLUC S.L., NIF B94076809, presentou solicitude de axuda por contía de 1.500 Euros pola contratación de un/ha alumna/o do Obradoiro de Emprego.

Visto o informe da técnica do servizo de Promoción Económica, no que se acredita o cumprimento dos requisitos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria e examinada a documentación achegada pola entidade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención a través de incentivos á contratación temporal por conta allea de persoas participantes no obradoiro dual de emprego FORME 24, a empresa SERVICIOS INTEGRALES EN CONSTRUCCION ANLUC S.L., NIF B94076809, por importe de 1.500,00 €, con cargo á partida orzamentaria 2412.470.

Comuníquese que unha vez notificada a resolución disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou co Concello de Vilagarcía de Arousa ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

PRP2025/3458

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de axuda dentro do Programa de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea de persoas participantes no obradoiro dual de emprego FORME 24, a empresa ACL 2009 SOLUCIONES INTEGRALES SL, NIF B27727353, presentou solicitude de axuda por contía de 4.500 Euros pola contratación de tres alumnas/os do Obradoiro de Emprego.

Visto o informe da técnica do servizo de Promoción Económica, no que se acredita o cumprimento dos requisitos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria e examinada a documentación achegada pola entidade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención a través de incentivos á contratación temporal por conta allea de persoas participantes no obradoiro dual de emprego FORME 24, a empresa ACL 2009 SOLUCIONES INTEGRALES SL, NIF B27727353, por importe de 4.500,00 €, con cargo á partida orzamentaria 2412.470.

Comuníquese que unha vez notificada a resolución disporán dun prazo de dez días para a súa

aceptación; transcorrido este sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou co Concello de Vilagarcía de Arousa ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

PRP2025/3459

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de axuda dentro do Programa de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea de persoas participantes no obradoiro dual de emprego FORME 24, a empresa JORGE ABALO CORES - CARPINTARÍA, NIF35462388E, presentou solicitude de axuda por contía de 1.500 Euros pola contratación dun/ha alumna/o do Obradoiro de Emprego.

Visto o informe da técnica do servizo de Promoción Económica, no que se acredita o cumprimento dos requisitos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria e examinada a documentación achegada pola entidade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención a través de incentivos á contratación temporal por conta allea de persoas participantes no obradoiro dual de emprego FORME 24, a empresa JORGE ABALO CORES - CARPINTARÍA, NIF35462388E, por importe de 1.500,00 €, con cargo á partida orzamentaria 2412.470.

Comuníquese que unha vez notificada a resolución disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou co Concello de Vilagarcía de Arousa ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

PRP2025/3460

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de axuda dentro do Programa de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea de persoas participantes no obradoiro dual de emprego FORME 24, a empresa MARIANO REY DE SANTIAGO, NIF53117356Y, presentou solicitude de axuda por contía de 1.500 Euros pola contratación dun/ha alumna/o do Obradoiro de Emprego.

Visto o informe da técnica do servizo de Promoción Económica, no que se acredita o cumprimento dos requisitos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria e examinada a documentación achegada pola entidade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención a través de incentivos á contratación temporal por conta allea de persoas participantes no obradoiro dual de emprego FORME 24, a empresa MARIANO REY DE SANTIAGO, NIF53117356Y, por importe de 1.500,00 €, con cargo á partida orzamentaria 2412.470.

Comuníquese que unha vez notificada a resolución disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou co

Concello de Vilagarcía de Arousa ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

MERCADOS

PRP2025/3479

Dáse conta do escrito presentado por D. Braian Traico Romero, solicitando autorización para instalación de carriño de castañas de 1 metro na Praza de Galicia durante o período de outono-inverno.

Visto o informe do Servizo de Mercados acordase concederlle autorización co carácter de precario dende o mes de outubro, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá estar en posesión da documentación para o exercicio da venda (alta fiscal, seguro de autónomos, seguro de responsabilidade civil..)
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/3480

Dáse conta do escrito presentado por Dona Angela Maria Traico Romero, solicitando autorización para instalación de carriño de castañas de 1 metro na esquina das rúas Valentín Viqueira e Rúa do Río (antiga Rúa Alcalde Rey Daviña) durante o período de outono-inverno.

Visto o informe do Servizo de Mercados acordase concederlle autorización co carácter de precario dende o mes de outubro, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá estar en posesión da documentación para o exercicio da venda (alta fiscal, seguro de autónomos, seguro de responsabilidade civil..)
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2025/3454

A Deputación de Pontevedra concedeu a subvención solicitada por esta Área dentro do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL - Plan Mais provincia 2024, liña 2, por importe total de 6690,00€ , para a realización da actividade formativa "Curso de Competencias Chave en Comunicación en Lingua Galega, Nivel 2".

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa KAEMÉ CONSULTORIA Y PREVENCIÓN S.L. , a realización do citado curso cunha duración total de 138 horas que se reparten do seguinte xeito: 120 horas de competencia lingua galega, e 18 horas de formación transversal. Toda a formación se impartirá con carácter presencial., por un importe total de 6.690,00€ (formación exenta de IVE) , con cargo á partida 2312.22615, de conformidade co orzamento presentado.

A actividade realizarase entre o 15 de setembro e o 21 de outubro de 2025.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2025/3437

Na Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 20/01/2025, adoptouse o seguinte acordo: "Adxudicación de contrato menor de servizos de Apoio Técnico para a preparación da convocatoria EDIL do Concello de Vilagarcía de Arousa (Estratexias de Desenvolvemento Integrado Local) á empresa CINFO Contenidos Informáticos Personalizados, S.L. (NIF:B15757941) polo importe de 14.000€ (IVE non incluído) o que totaliza un importe de 16.940€(IVE incluído)" con cargo á aplicación orzamentaria 134-22706.

A factura INV/2025/00087 correspondente a dito traballo realizado, aprobouse na Xunta de Goberno Local de data 05/03/2025.

Considerando que a aplicación orzamentaria aprobada non é a mais axeitada ao tipo de gasto, cista a proposta da Concellería de Mobilidade, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a modificar a aplicación orzamentaria de dita factura da 134-22706 e aplicala á 151-62700 dentro do proxecto de gasto 2024-4-OBRA-10.

PRP2025/3439

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo, Mobilidade e Educación, para a aprobación do proxecto modificado da inversión denominada da inversión denominada "Humanización da rúa Conde Vellellano", actualmente rúa Clara Campoamor:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 25 de marzo de 2024, aprobouse o proxecto técnico denominado "Humanización da rúa Conde Vellellano", redactado polo arquitecto don Mariano Vázquez Iglesias, cun orzamento de licitación de 632.220,04 € (IVE engadido).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, con data 27 de setembro de 2024, concedeu unha subvención ao concello de Vilagarcía de Arousa, por importe de 632.220,04€, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, liña 1: Inversións, con destino ao financiamento do proxecto arriba referido.

A Xunta de Goberno Local, en sesión 10 de febreiro de 2025, acordou a adxudicación do contrato de obra denominado "Humanización da rúa Conde Vellellano" á mercantil Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L., por importe de 456.452,42€ (sen IVE) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 95.855,01€, o que totaliza un importe (IVE engadido) de 552.307,43 €.

Con data 18 de maio de 2025 (registro de entrada nº WEB2025003839) a arquitecta dona Lucía Araujo Castiñeiras, directora de obra, presenta informe de solicitud de autorización para redacción de proxecto modificado; que foi autorizada por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 2 de xuño de 2025.

Con data 3 de xuño de 2025 (registro de entrada nº WEB2025004335) a arquitecta dona Lucía Araujo Castiñeiras, directora de obra, presenta proxecto modificado por importe de execución material de 525,997.52€ (IVE engadido), fronte ao importe de 525.997,64€ autorizado pola Xunta de Goberno Local, o que supón unha pequena variación, á baixa, dos importes autorizados. Isto supón un incremento do 19,797503 %, é dicir, 86.925,32€; inferior ao autorizado pola precitada Xunta de Goberno Local; solicitando asemade unha ampliación do prazo de execución en 2 meses. A dirección facultativa fai constar que as modificacións propostas veñen determinadas por causas técnicas imprevistas no momento da redacción do proxecto orixinal e, en concreto, en base ás seguintes consideracións:

“El presente Proyecto Modificado se redacta como documento necesario para introducir las modificaciones producidas en las obras de humanización de la Rúa Conde Vellellano, por causas sobrevenidas de la obra.

Estas causas fueron motivadas tras inspeccionar la zona una vez que se pudo realizar la limpieza de pozos y algunas catas nos encontramos con que el planteamiento inicial para la evacuación de pluviales no podía ser posible ya que las cotas actuales del terreno y de las conexiones existentes no nos permitían utilizar el tubo con la sección inicial de diámetro 600. Hemos optado por un cambio en el trazado de las pluviales y por una disminución de la sección de tubo que nos permite poder evacuar las aguas y llegar a la altura límite del pozo, aunque después de realizar cálculos in situ en el tramo final tendremos que reducir a un diámetro de 315 para poder llegar a la cota requerida, en general se realizará en dos ramales, uno a cada lado de la calle con un tubo de diámetro 400.

También se ha observado al hacer las catas que la canalización general de saneamiento va muy cargada y que es necesario aliviarla a través de esta calle ya que a unos metros nos encontramos con el bombeo y le damos un aliviadero a esta red que va la mayor parte de las veces por encima de sus capacidades, también el material está llegando al final de su vida útil y consideramos que es necesario cambiar la canalización existente y así dotarla de las capacidades necesarias para continuar.

Al ser una zona muy conflictiva en tiempo de lluvia y al ver que en algunas zonas el nivel freático se encontraba en cotas superiores que las que se creían en inicio, hemos optado por un cambio de materiales que sean más permeables y que podamos hacer una recogida subterránea con tubos de drenaje, para así poder canalizar las aguas y llevarlas al bombeo general para que se produzca una evacuación más rápida de las mismas y podamos así intentar evitar las inundaciones que se han sucedido a través de los años en esta zona.

Al abrir las zanjas hemos tenido problemas de roturas con las canalizaciones eléctricas de UFD así como las de telefónica por lo que hemos tenido que incluir nuevas partidas de canalizaciones de las mismas para así poder solventar los problemas sobrevenidos. Por parte de UFD se nos ha hecho un aporte de materiales por lo que solamente tendremos que hacer la colocación de la canalización. También se ha modificado las partidas del abastecimiento del agua ya que por parte de la suministradora de agua Espina y Delfín se nos ha realizado un aporte del material de PVC para realizar la canalización de agua y por la que la empresa constructora solamente tendrá que realizar las zanjas y la mano de obra de su colocación procediendo a un modificado en la partida con una reducción del coste de la misma.

También se reduce la partida de iluminación y de energía eléctrica ya que desde que se ha realizado el proyecto a ahora algunos edificios han realizado cambio de fachadas con nuevo sistema SATE

en el que no se ha contemplado la nueva ubicación de las luminarias y ahora no sería posible ubicarlas, además de que otras edificaciones se han negado a la nueva colocación de las mismas. Por todo ello hemos realizado un nuevo estudio de iluminación en la que se han eliminado los elementos en fachada y lo hemos solventado con el diseño de la farola y balizas que serán colocadas en la Calle Conde Vellellano. También se han eliminado un cuadro y un armario de medida ya que los conectaremos a los cuadros existentes próximos a la zona.

Todas estas causas, que consideramos justificadas y prudentes, han motivado un modificación en proyecto y en ejecución de la obra por la ampliación de los trabajos que nos han aportado aumentos y disminuciones de medición e incorporación de nuevas partidas de la obra."

